

Acta da Comisión Delegada

Luns, 26 de xullo de 2021

Lugar: Reunión por medios telemáticos**Hora:** 21;30 horas

Orde do día:

1. Competición 2021.-
 - a. Modificacións de calendario
 - b. Reestruturación regulamentaria de Campionatos galegos
2. Documento de licenzas
3. Rogos e Preguntas

Asistentes:

Presidente-Gonzalo Mario Triunfo Delgado

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

 Juan Luis Pedrosa (Delegación Triatlón Ferrol)

Amando Guerrero (AD Náutico de Narón)

Enrique Hernández Moldes (Triatlon Rias Baixas)

José Riveiro (Artrogal Tri-498)

Paloma Herbello (Triatlon Santiago)

Pablo Cabanelas (Comité Deportivo) acude por invitación da Xunta Directiva sen voto.

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 21:35 h.

1. Competición 2021.-**a) Modificacións de calendario 2021**

Comunicanse e informase das últimas cancelacións de probas que no caso de Ferrol vai obrigar a aprobar modificación no regulamento de competición FEGATRI en relación á participación no Campionato Galego de Pontevedra.

- Triatlón de Ferrol (Circuíto)
- Triatlón Boamorte de Sanxenxo

-Apróbase con todos os votos a favor incluír no calendario oficial as seguintes probas

Acuatlón Mozo de Cedeira

- 15 agosto

Triatlón de Relevos Mixtos (C.Galego) Pontevedra- 21 agosto

b) Modificacións regulamento de competición

Dada a situación de cancelación de probas de circuíto e dado que só se celebrou unha tomáanse os seguintes acordos, con todos os votos a favor, en relación á regulamentación para o Campionato Galego de Triatlón de Pontevedra



O Campionato galego de Tríatlon de Estrada 2021 a celebrar en Pontevedra o 21 de agosto, atenderá ao seguinte:

- Disputaranse dúas carreiras separadas, unha masculina e outra feminina. Limitadas cada unha a 120 participantes.
 - A inscrición nas probas distribuirase do seguinte xeito, so para federados/as e priorizando aos federados/as con licenza galega ou de clubs galegos que aboaran Dereitos de circuíto.
 - a) Proba feminina. Garántese a inscrición das invitadas polo punto 5 do regulamento oficial de competición, así como as participantes na proba de circuíto disputada- Tríatlon do Miño -Lugo.
 - b) Proba masculina.- As prazas na proba masculina outorgaranse segundo o establecido a continuación:
1. Invitacións establecidas regulamentariamente segundo a clasificación dos clubs no campionato Galego de Tríatlon de Estrada 2019 .

| CAMPIONATO GALEGO DE TRIATLON MASCULINO | INVITACIÓNS POR CLASIFICACIÓN 2019 |
|-----------------------------------------|------------------------------------|
| CAMPIONATO GALEGO DE | INVITACIÓNS POR |
| CIDADE DE LUGO FLUVIAL | 3 |
| ARCADE INFORHOUSE | 3 |
| T. ARTEIXO | 3 |
| T. BOIRO | 2 |
| AD FOGAR | 2 |
| TRIPENTA TERRAS DE LUGO | 2 |
| TRIATLON RIAS BAIXAS | 1 |
| AD NARON | 1 |
| T. MAR DE VIGO | 1 |
| Trinorth | 1 |
| CN Pabellón Ourense | 1 |
| TOTAL INVITACIÓNS | 20 |

2. 45 primeiros clasificados da proba de Circuíto celebrada "Tríatlon do Miño-Lugo" segundo estaba establecido regulamentariamente para a celebración das dúas probas calendarizadas cando esta foi disputada (Ferrol e Lugo)
3. 1 invitación para cada club e/ou deportista independente que tivese aboado o circuíto 2021 (52)
4. O resto de prazas cubriranse por orde de inscrición.
 Procedemento- Abrirase un período para a inscrición de deportistas con dereito a prazas polos puntos anteriores, ata o venres da semana anterior á proba. No caso de que non se cubran as prazas, abrirase un segundo prazo o luns da semana da proba e serán completadas por orde de inscrición na plataforma ata o martes ás 23:59. Completadas as prazas abrirase unha lista de agarda que se xestionará diariamente, sendo a última incorporación o mércores ás 14:00 h.




-Aos efectos de clasificación de clubs, acórdase que poderá puntuar para a mesma calquera deportista do club, acceda ou non por invitación.

2.- Documento de Licenzas

Exponse o regulamento de licenzas que se presentará á Asemblea Xeral, indicando que o Servizo Xurídico da Secretaría Xeral para o Deporte xa fixo unha primeira revisión e se incorporaron as modificacións solicitadas. Juan Luis Pedrosa (Triatlón Ferrol), fai algunhas anotacións en relación ás obrigas dos distintos estamentos que non lle parecen correctas e aclarase que é unha transcripción literal do estatuto da FEGATRI, solicitado pola Secretaría Xeral para o Deporte. Conclúese a necesidade de facer unha revisión estatutaria proximamente de cara a actualizar estes puntos que agora mesmo non se poderían contradicir por ser unha norma de rango superior.

Non habendo rogos e preguntas levántase a sesión ás 22:15 h.


Asdo.- A Secretaría Xeral
Mónica Flores Ferreiro

FEGATRI
FEDERACIÓN GALIÇA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO
Votada en Asemblea de 21 de outubro de 2015
Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo
N.I.F.: V36703762
Asdo. 50345
Gonzalo Triunfo Delgado.
Presidente



RECIBO
DE PAGOS
N.º 123456789
MEXICO

